



MEDIDAS PARA A POSTA EN VALOR DOS ESPAZOS BALEIROS E DO RURAL

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do xoves, 27 de setembro, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos a ver unha tendencia a nivel nacional e en especial en Galicia, sen quedar a salvo o noso municipio, ao despoboamento das zonas rurais pola falta de oportunidades laborais e servizos, entre outros motivos.

Como consecuencia, as chamadas escolas unitarias que non cumpren co mínimo de alumnado esixido pola lei están a ser pechadas pola Consellería de Educación quedando os edificios que ocupaban baleiros e sen uso algún ou residual, coa súa consecuenta deterioración.

Ante esta situación pensamos como poder aproveitar estes espazos dunha forma sinxela e que supoña un baixo custo para o Concello. Nesta procura tratamos de atopar algo que puidese repercutir ademais de forma positiva no rural, buscando potencialo, e así chegamos aos espazos denominados “COWORKING” ou espazo de traballo compartido.

Pero que é o “coworking”? É unha forma de traballo que permite as persoas profesionais, independentes, emprendedoras, e pemes de diferentes sectores, compartir un mesmo espazo de traballo para desenvolver os seus proxectos profesionais á vez que fomentan proxectos conxuntos. O coworking permite compartir oficina e equipamento.

O traballo cooperativo ou coworking fomenta as relacións estables entre as persoas profesionais de diferentes sectores que poden desembocar en novas relacións clientela-provedores así como en intercambios e colaboración de tipo horizontal entre as propias persoas cotraballadoras.

En todo caso é frecuente que se xere un sentimento de pertenza a unha comunidade, máis aló das vinculacións efectivas que se establezan entre as persoas traballadoras que frecuentan os espazos de cotraballo.

Os centros de traballo cooperativo soen estar destinados a persoas profesionais da internet, do deseño, da programación, da arquitectura, fotografía, dos medios de comunicación, e profesionais doutras disciplinas como pode ser as ligadas á acción social e a cooperativas.

Proporcionan xeralmente un escritorio individual ou ás veces mesmo unha oficina de uso exclusivo ou compartido, así como acceso a Internet, e outros variados servizos: fotocopiadora, ordenadores, proxector,

pantalla,...

Por que cremos que as unitarias baleiras son un bo lugar para albergar espazos “coworking”? Por varios motivos:

1.- Consideramos que a súa adaptación para este uso sería moi sinxela e económica: o deseño interior aínda que debe ser sobre todo funcional, inspirador, que potencie a creatividade das persoas membro, non podemos esquecer que somos máis produtivos traballando en lugares bonitos e visualmente agradables, non require moito investimento, basta cun pouco de imaxinación.

Ter en consideración como factor de importancia a iluminación: a todos encántanos a luz natural. E é un factor moi valorado entre as persoas membro; ademais está demostrado que un espazo con iluminación natural potencia a produtividade e creatividade. Pero non hai nada que impida substituír a luz natural, de non tela, por unha boa e adecuada luz artificial.

En canto ao mobiliario é preferible que sexa flexible, plegable, modular, con rodas, livián... as necesidades das persoas usuarias é o que definirá a distribución do espazo. Se ademais o espazo é pequeno, como pode ser no caso das unitarias, ter mobiliario flexible axudará a convertelo puntualmente nun espazo máis amplo para eventos e reunións.

Tamén se debe considerar os espazos exteriores e que rodean aos edificios que vaiamos a usar, xa que unha zona axardinada, coidada e cunha mesa e unhas cadeiras pode proporcionar un lugar de descanso ideal.

2.- Tan fácil é converter as unitarias nun espazo de “coworking” como que reverterlo ao seu uso orixinal no caso de que haxa alumnado suficiente e decídase volver a abri-las como tal. De feito as melloras que se fagan nos edificios supoñerán un plus se volven usarse como unitarias e o mobiliario que se adquira pode ou ser usada na propia unitaria ou consideramos que terá unha fácil recolocación noutros espazos municipais como son as casas da cultura.

3.- Normalmente os espazos de “coworking” que parten da rehabilitación de edificios en desuso, como sería o caso que nos ocupa, dinamizan os lugares onde se sitúan potenciando as interrelacións das persoas desa comunidade, creando un sentido de pertenza, estimulando a zona mesmo coa aparición doutros servizos como bibliotecas ou cafés comunais. Tamén impulsan a especialización e a aparición de alternativas profesionais para a comunidade que o alberga.

3.- O aproveitamento destes espazos sen uso para novas iniciativas empresariais “de autoemprego”, é unha fórmula máis para tentar mellorar as cifras de desemprego, dunha forma pouco custosa.

É unha boa saída para aquelas persoas emprendedoras sen oficina, dándolles unha oportunidade para explorar as posibilidades do mundo das persoas traballadora autónomas.


A modo de conclusión, en Veciños de Padrón sempre apostamos por medidas sinxelas e que supoñan unha reutilización ou a utilización para diferentes usos dos diferentes edificios e espazos municipais, sirva de exemplo o noso inicio de campaña electoral que tivo lugar na Praza de Abastos de Padrón, e por iso

parécenos moi interesante o aproveitamento de edificios públicos baleiros como espazos de “coworking”. Tampouco debemos esquecer a posibilidade de cobrar unha pequena taxa que recolla os gastos diarios que para o Concello poida supoñer manter estes edificios en uso aínda que o ideal, ao noso entender, é que sexa gratuíto.

Por todo ou anteriormente exposto consideramos que debemos propoñer o seguinte **ACORDO**:

1.- Que se valore o aproveitamento e utilización de edificios públicos baleiros como as escolas unitarias para albergar espazos de “coworking” e así fomentar o emprego e potenciar o rural.

En Padrón, a 18 de setembro de 2018



Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN

FOTOS DE ESPACIOS “COWORKING”

